




COSTA DE CAMBADOS Castrelo



Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2018

Distancia: 11 km (lineal)
Dificultade: baixa



Río Umia. Desembocadura, esteiro e enseada.
Ao fondo os areas do Serrido e Correlo. A Toxa Pequena, A Toxa e O Grove



Ponte da Barca sobre o río Umia.
Á esquerda o comezo da costa de Castrelo. no interior do esteiro



A Toxa Pequena e a punta de Correlo

O concello de Cambados atópase, en boa parte, no esteiro do Umia, á beira da ría de Arousa. Ten unha costa abrigada e recortada que alterna areas, rochedos, pequenas praias e esteiros; de augas calmas e de pouca profundidade e grandes áreas que quedan en seco coa marea baixa, que acollen ricos bancos marisqueiros.

Está protexida, en parte no LIC/ZEC “Ons-O Grove”, e nas ZEPAS “Espazo Mariño das Rías Baixas” e “Complexo internareal Umia-O Grove...”

Plantexamos un roteiro pola totalidade da costa da parroquia de Castrelo que inclúe dous indicados cos nomes de “ruta dos Lavancos” e “ruta dos Mazaricos”. Pódese facer todo dunha vez ou en dúas etapas. Se se fai coa marea baixa é posible seguir a liña de costa en case toda a contorna agás nalgúns áreas de lameiras, á vez que se pode ver a actividade nos bancos marisqueiros situados entre A Toxa pequena e a costa de Castrelo.

Todo o percorrido é de grande interese ecolóxico, pola riqueza da flora e a fauna; e etnográfico, polo traballo do marisqueo e os restos das telleiras.

PERCORRIDO

Tomamos como punto de partida a ponte do **río Umia** onde hai espazos para aparcar e desde onde podemos contemplar as primeiras vistas do esteiro, o areal do Serrido e parte da costa de Castrelo.

Seguimos o máis achegados á costa posible e imos pasando pola **punta de Correlo**, o **Con de Xido**, a **praia do Facho** - onde hai un embarcadiiro e o centro de control das mariscadoras-; a zona das telleiras, as praias das **Saíñas** e **Fontiñas**, a **punta do Bico da Ran** (onde tamén houbo telleiras), a **enseada do Couto de Abaixo** ou do **Pereiro**, onde podemos ver tamén, no recinto dunha antiga fábrica de cerámica, os restos dunha **telleira**. A partir de aquí hai máis dificultades para seguir a costa debido ás construcións, e poderíamos dar por rematada a andaina. Se queremos coñecer o resto da costa hai que ir pola estrada cara a Dena e facer algúns desvíos, ata chegar ao **rego do Francón**, límite do concello de Cambados con Meaño.

A volta pódese facer polo mesmo camiño ou por pistas interiores polas que se acurta a distancia.



Vista desde Con de Xido cara á punta das Laxes

Enseada do Umia, illa da Toxa é a área comprendida entre o istmo da Lanzada e a desembocadura do Río Umia en Cambados. É unha zona de costa recortada e protexida con augas pouco profundas e mornas. A gran cantidade de sedimentos deixados polos ríos forma bancos de area e zonas lamacentas e dan lugar a ecosistemas dunha enorme diversidade biolóxica. É criadeiro de numerosas especies mariñas (especialmente moluscos) e zona de gran importancia para o paso e o descanso das aves mariñas, en especial as limícolas.



Punta e praia de Correlo



O Facho





Bancos marisqueiros de Castrelo coa Toxa Pequena ao fondo



Telleira de Vieites, recentemente reconstruída



Praia das Saiñas



Antiga imaxe de dúas telleiras no Facho (1982)




O Beiró e a costa do Facho



Praia de Fontiñas. Ao fondo As Saiñas.



Punta de Bico da Ran



Mazarico e lavanco, dúas aves representativas da costa de Castrelo



Enseada do Couto de Abaixo e restos dunha telleira na fábrica de Cerámica



Enseada do Couto de Abaixo



Vexetación típica de esteiros e enseadas:
espartina, portulaca, xuncos...



Punta do Becho. Rego do Francón



Vista aérea da costa de Castrelo